

XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2018

1. Apróbase/Acórdase por asentimento¹:

- A) A acta da reunión ordinaria do día 20 de decembro de 2017.
- B) O nomeamento da Prof.^a Dr.^a Silvia Barona Vilar, Catedrática de Dereito Procesual da Universidade de Valencia, como Membro Honorífico do Claustro de Profesores da Facultade de Dereito.
- C) Os límites de prazas –de acceso por recoñecemento de 30 créditos ECTS e para cambio de centro- no Grao en Dereito e no Plan Conxunto de Estudos ADE-Dereito para o curso 2018/2019.
- D) A listaxe priorizada de Departamentos susceptibles de asumir os encargos docentes de cada materia para o curso 2018/2019 e o escrito de motivación.
- E) A designación da Prof.^a Dr.^a Lourdes Borrajo Diz como Coordinadora do Grao en Dereito para o curso académico 2018/2019 e a non designación de coordinadores de curso, de conformidade co previsto na memoria de verificación da titulación.
- F) En relación coa renovación da Comisión de Compensación do Grao en Dereito, das Comisións delegadas e doutros órganos colexiados da Facultade:
 - a) A renovación da Comisión de Compensación do Grao en Dereito, da Comisión Permanente e da Comisión de Recoñecementos e Validacións no sector de alumnado.
 - b) A renovación da Comisión de Calidade no sector de persoal docente e investigador.
 - c) O mantemento na composición da Comisión Académica no Mestrado universitario en Avogacía, cun cambio na persoa que exercerá as funcións de secretario.
- G) A distribución da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso 2018/2019.
- H) As modificacións nas Instrucións para racionalizar os horarios dos estudos do Grao en Dereito.
- I) As modificacións no Regulamento das Prácticas externas do Mestrado universitario en Avogacía.
- J) Non aprobar a declaración de interese para a modificación da memoria de verificación do título de Graduado/a en Dereito pola Universidade de Vigo.
- K) Respecto ás modificacións na memoria da titulación de Graduado/a en Dereito que poden acometerse a través do seguimento do título do curso 2016/2017:
 - a) As modificacións na memoria da titulación de Graduado/a en Dereito remitidas coa convocatoria.
 - b) Delegar na Coordinadora do Grao en Dereito a competencia para realizar as xestións que procedan coa finalidade de que, se hai acordo entre as correspondentes áreas, a materia optativa “Dereito de defensa da competencia” figure tamén na mención de “Unión Europea e desenvolvemento sostible”.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.

- L) O Informe de Revisión do Sistema pola Dirección correspondente ao curso académico 2016/2017 coas modificacións validadas pola Comisión de Calidade.
- M) Manter as metas correspondentes aos obxectivos de calidade do centro para o curso académico 2017/2018.
- N) O tribunal de avaliación para a materia “Macroeconomía” do PCEO-Grao en ADE/Grao en Dereito.
- Ñ) A seguinte delegación de competencias na Comisión Permanente:
- O procedemento de matrícula en materias optativas para o curso académico 2018/2019.
 - O reparto do orzamento do centro en actividades vinculadas a liñas estratéxicas.
 - O calendario académico da Facultade para o curso académico 2018/2019.
 - A aprobación do calendario de elaboración das guías docentes do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía para o curso académico 2018/2019.

2. Apróbase, por maioría, a PDA –para o Grao en Dereito e o Plan Conxunto de Estudos ADE/Dereito-, para o curso 2018/2019².

Ourense, 28 de febreiro de 2018



Concepción Martínez Martínez
Secretaría da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 28 de febreiro de 2018, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 1 de marzo de 2018.



Concepción Martínez Martínez
Secretaría da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

² A PDA pode consultarse na Secretaría do Decanato.